



XUNTA
DE GALICIA

IES MARTAGUISELA

Rúa Coruña, 22
32300 O Barco de Valdeorras - Ourense
Teléfono: 988 320 931
ies.martaguisela@edu.xunta.gal



Estimadas familias:

O vindeiro mércores 21 de xuño remataremos o curso. As notas finais serán publicadas na aplicación ABALAR o día 23 de xuño a partir das 12:00. Este será o único medio polo que se distribuirán as notas, polo que recomendamos descarguen a aplicación se aínda non a teñen.

O período de reclamacións ás cualificacións finais será desde o luns 26 ás 08:30 da mañá ata o martes 27 ás 14:00.

Os días de matriculación serán os seguintes:

NIVEL	DATA DE PRESENTACIÓN
BACHARELATO	23 ao 28 de xuño
3º e 4º da ESO	26 ao 30 de xuño
1º e 2º da ESO	28 de xuño ao 3 de xullo

O alumnado de 1º, 2º e 3º da ESO que emprega un ordenador de E-Dixgal deberá devolvelo se o curso próximo non vai estar escolarizado neste centro. O resto do alumnado pode entregalo ou levalo para a casa durante o verán.

Desexámoslles que pasen un feliz verán.

Atentamente,

A dirección do IES Martaguisela

